



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

ACTA

Nº 78 Ano 2024.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10:35 horas do día 17 de decembro de 2024, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ana Otero Ferreiro	S.X. Presidencia	4.42.85
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67
María Corral Lopez	D.X. Función Pública	4.52.37
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Manuel Suarez Lago	CSIF	881-542-850
Mª Jose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten así mesmo Pablo Díaz Vázquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e José Acuña Vilas, por Cualtis.

1.- Lectura e aprobación das actas das dúas últimas reunións.

Apróbanse as dúas propostas de actas presentadas.

2º Presentación e debate da programación das actividades preventivas de riscos laborais a realizar no 2025 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:



- | | | | |
|----|------------------------------------|----|-------------------------------|
| a) | Xestión | b) | Avaliacións |
| c) | Medidas Emerxencia | d) | Vixilancia da saúde |
| | e) Formación | f) | Participación sindical |
| | g) Investigación accidentes | | |

O Xefe do Servizo de Prevención expón por apartados a programación elaborada, no relativo a xestión da prevención, non hai intervencións.

En canto as avaliacións, CIG comenta que dado que a idade media do persoal é maior, debería terse en conta a hora de avaliar os postos o feito da idade. O representante de Cualtis resposta que a día de hoxe non hai unha metodoloxía aprobada.

Tamén CIG menciona que hai centros de traballo con difícil acceso. O Servizo de Prevención resposta que recóllense con carácter xeral os ditos accesos, e que nalgúns casos podería facer unha mellor concreción. CSIF solicita a avaliación dos vehículos empregados nas actividades laborais, así coma unha mellor coordinación das actividades realizadas polas empresas externas. O Servizo de Prevención manifesta que non se avalían os vehículos, por no ser obrigatorio, e que a coordinación das actividades tense que requirir no comité de seguridade do ámbito respectivo.

Nas medidas de emerxencia, a parte sindical manifesta que os responsables dos centros onde teñen aprobadas as ditas medidas, deben manter actualizado as persoas integrantes dos grupos de acción, ante os cambios motivados por traslados, vacantes... A administración procurará unha mellora do sistema.

Na vixilancia da saúde, o Servizo de Prevención informa que contase abrir o prazo para solicitar recoñecementos, na primeira quincena de febreiro.

Na formación, a parte sindical solicita que se realice máis formación presencial e menos teleformación, dado que ten unha mellor calidade. A Administración intenta tamén seguir nesta liña, e proba diso son as numerosas actividades formativas presencias programadas. CIG solicita que se realice formación para o persoal que fai actividade laboral temporal nas embarcacións, e non son tripulantes. A Administración manifesta que teralo en conta.

No referido a participación, a parte sindical solicita que se requira as Consellerías de Cultura, Economía e Sanidade, para que convoquen os seus respectivos Comités de Seguridade, algo que non fixeron en todo o ano 2024. A Presidencia manifesta que fará unha xestión para que a convocatoria sexa unha realidade.



En canto a investigación de accidentes, non houbo intervencións.

3.- Rogos e preguntas.

Non houbo.

Levántase a sesión, sendo as 11:45 h.

Vº E PRACE
A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA OTERO FERREIRO

EDUARDO FREIRE POUSA